

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS PLAN AMES PROGRESA DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO EMPREGO E DO TECIDO EMPRESARIAL LOCAL DO CONCELLO DE AMES, ANO 2021.

EXPEDIENTES GD 13809/2021

Visto o informe proposta de bases reguladoras e convocatoria de axudas do Plan Ames Progresa dirixidas ao mantemento do emprego e do tecido empresarial local no 2021, da área de Promoción Económica do Concello de Ames, do 22.12.2021.

Visto o informe conxunto favorable de Secretaría e Intervención (informe 585/2021).

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. *Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas do PLAN AMES PROGRESA DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO EMPREGO E DO TECIDO EMPRESARIAL LOCAL NO 2021, que figuran como anexo, procedendo a súa convocatoria.*

Segundo. *Aprobar o gasto por importe de 120.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 4314-47904 Convocatoria de axudas Plan Ames Progresa, do vixente orzamento municipal.*

Terceiro. *Publicar a presente convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.*

O prazo para a presentación das solicitudes será de 30 días naturais dende a publicación do estrato da convocatoria no BOP.

Cuarto. *Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

Anexo

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PLAN AMES PROGRESA DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO EMPREGO E DO TECIDO EMPRESARIAL LOCAL NO 2021

BASE 1ª.OBXECTO DA CONVOCATORIA

1.1. Obxecto e finalidade

A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia aprobou a Orde do 19 de xaneiro de 2021, pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. No seu artigo primeiro dispón a modificación do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e establece que serán de aplicación ao Concello de Ames as medidas do anexo IV recollidas na súa letra A), medidas de prevención específicas correspondentes ao nivel máximo de restricións. A aplicación desta disposición supuxo o peche temporal das actividades e establecementos que se relacionan no citado anexo.

O obxecto de estas bases é a concesión de axudas en concorrencia non competitiva aos titulares de actividades e establecementos do Concello de Ames que sufriron o peche temporal do seu establecemento entre os meses de xaneiro e outubro de 2021, en aplicación do disposto na Orde do 19 de xaneiro de 2021, pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A iniciativa encádrase dentro do programa Plan Ames Progresa. O Plan Ames Progresa busca impulsar, reforzar, dinamizar e reactivar o sector do comercio, da cultura, da hostalaría, o patrimonio municipal e o emprego público. O orzamento plan ascende a 5.756.681,26 euros, dos cales vanse destinar a reactivar a cultura, o comercio e a hostalaría, 555.000 €. As axudas pretenden contribuir á revitalización do tecido empresarial de Ames que está sufrindo actualmente as consecuencias que tivo a declaración do estado de alarma, acordada polo Goberno en virtude do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, prorrogado en sucesivas ocasións, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, en todo o territorio nacional e, en concreto, no termo municipal de Ames.

Con estas axudas o concello pretende colaborar activamente no mantemento do emprego e a actividade empresarial no Concello de Ames.

BASE 2.ª RÉXIME XURÍDICO

2.1. Regulación legal

As subvencións rexeranse, nos termos establecidos nos artigos 3 e 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, polo disposto nestas bases reguladoras; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, así como polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro de 2009.

Así mesmo, considerarase o disposto nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2021.

Supletoriamente, será aplicable a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e demais disposicións aplicables e as restantes normas de dereito administrativo.

2.2. Réxime de minimis

As axudas que se concedan estarán sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

2.3. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 19.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As axudas serán outorgadas a todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras.

No caso de que o orzamento total solicitado polas persoas beneficiarias supere o crédito orzamentario dispoñible, o órgano competente procederá ao prorrateo, entre as citadas persoas beneficiarias da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

2.4. Publicación

As bases reguladoras destas subvencións publicaranse no portal de transparencia, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

BASE 3.ª CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 120.000,00 € do vixente Orzamento Municipal de 2021, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

4314-47904 Convocatoria de axudas Plan Ames Progresiva.

As axudas serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade, sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado.

BASE 4.ª AMBITO TEMPORAL

A presente convocatoria aplicarase a todas aquelas solicitudes de axudas que se presenten no prazo máximo de 30 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

BASE 5ª. AMBITO MATERIAL

A presente convocatoria resultará de aplicación para aquelas actividades empresariais realizadas por promotores que sexan microempresas, pemes (entendendo como tais aquelas empresas que teñan un máximo de 250 traballadores e posúan un volume de facturación inferior aos 50 millóns de Euros o cuxo balance xeral anual non exceda de 43 millóns de euros, de acordo ca definición dada pola Recomendación 2003/361/CE da Comisión de 6 de maio de 2003) ou profesionais autónomos, que foran obxecto da medida de peche temporal entre os meses de xaneiro e outubro de 2021, en aplicación do disposto no anexo IV letra A) da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Concretamente:

I. Actividades recreativas:

I.1. Actividades culturais e sociais.

I.3. Actividades de lecer e entretemento.

I.4. Atraccións recreativas.

I.7. Actividades de restauración.

I.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

II. Establecementos abertos ao público:

II.2.2. Establecementos para actividades deportivas

II.2.2.4. Pistas de patinaxe.

II.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.

II.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

II.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

II.2.3.2. Parques acuáticos.

II.2.3.3. Salóns recreativos.

II.2.3.4. Parques multilecer.

II.2.4. Establecementos para actividades culturais e sociais.

II.2.4.5. Salas de concertos.

II.2.5. Establecementos de restauración.

II.2.5.1. Restaurantes.

II.2.5.1.1. Salóns de banquetes.

II.2.5.2. Cafetarías.

II.2.5.3. Bares.

II.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

II.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

II.2.7.1. Salas de festas.

II.2.7.2. Discotecas.

II.2.7.3. Pubs.

II.2.7.4. Cafés-espectáculo.

II.2.7.5. Furanchos.

II.2.8. Centros de lecer infantil.

BASE 6ª. BENEFICIARIOS

6.1. Condición de persoa beneficiaria. Requisitos mínimos.

Terá a consideración de beneficiario da subvención, a persoa física ou xurídica que realiza a actividade que fundamenta o seu outorgamento, e con carácter xeral tódalas persoas físicas, ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais ou profesionais que motivan a concesión das subvencións e que teñan o seu domicilio social e fiscal en Ames e que se atopen dentro do ámbito material desta convocatoria establecido na base 5ª.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As persoas solicitantes teñen que estar ao días nas súas obrigas tributarias (AEAT e Concello de Ames), así como coa Seguridade Social.

As persoas solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda concedida anteriormente polo Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

A) Requisitos específicos das persoas físicas Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con anterioridade a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

B) Requisitos específicos das persoas xurídicas. A data de constitución da empresa, atendendo a data de primeira inscrición, no rexistro público correspondente, debe ser anterior a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

BASE 7ª. LIÑAS DE AXUDA E CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS.

As persoas físicas ou xurídicas que, reunindo tódolos requisitos necesarios recollidos nestas bases, presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido para elo poderán solicitar unha axuda para financiar os gastos de mantemento, (aluguer, luz, telefonía, internet, combustible, gas) nos que teñan incorrido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de outubro de 2021, ata un máximo de 1.500,00€.

O IVE non se considerara en ningún caso gasto subvencionable.

BASE 8ª. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

8.1. Lugar de presentación das solicitudes.

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos. As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentárase no Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Ames, ou na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodeames.gal/es>). Igualmente poderán presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames.

Se algunha das entidades presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de persoas que non teñan a obriga de relacionarse electrónicamente coa administración poderán presentar as solicitudes no rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>), presencialmente nas oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames ubicadas na casa do

Concello en Bertamiráns e na oficina municipal do Milladoiro ou en calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de Outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

8.2. Prazo de presentación das solicitudes.

A presentación das solicitudes levarase a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar desde o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

8.3. Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

Anexo 1	<p><u>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.</u></p> <p>Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación, necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos básicos para ser beneficiario das axudas:</p> <p>Documentos que acrediten a personalidade do solicitante e, no seu caso, a representación de quen firma a solicitude (copia da Escritura de constitución ou modificación, copia da Acta fundacional e Estatutos, copia do DNI, etc.). No caso de empresas individuais, a solicitude deberá ser presentada e firmada polo traballador/a autónomo e xuntar copia do DNI.</p> <p>No caso de sociedades civís, comunidade de bens, sociedade mercantís, cooperativas ou sociedades laborais, as solicitudes deberán ser presentadas por estas, e non serán válidas as solicitudes presentadas polos socios, comuneiros a título persoal.</p> <p>Documento que acredite a alta da actividade (alta de autónomo, alta IAE, etc.)</p> <p>Acreditación de ter domicilio fiscal e social no Concello de Ames. (Certificado de situación censal)</p> <p>Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención, asinada e selada polo banco.</p>
Anexo 2	Declaración responsable asinada polo solicitante
Anexo 3	<p>Relación de facturas detallando o concepto e os importes correspondentes aos gastos que se pretenden financiar coa subvención solicitada. A suma total dos importes das facturas que se acheguen deberá ser igual ou superior á contía solicitada.</p> <p>Xustificantes de gastos.</p> <p>Xustificantes de pagamento.</p>

O concello de Ames poderá realizar todas aquelas comprobacións que estime oportunas no tocante ao cumprimento dos requisitos e das obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas.

8.4. Tramitación e resolución

A presente convocatoria será tramitada pola Concellaría de promoción económica. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia non competitiva.

A concesión das subvencións realizarase será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, e o informe do departamento de promoción económica, acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiarios reúnen todos os requisitos necesarios para accederen á condición de beneficiarios da achega solicitada. Esta comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde ou Concelleiro/a en quen delegue.

Vogais:

Concelleiro/a delegado da área

Técnico de promoción económica, que actuará igualmente como secretario da comisión.

As axudas serán outorgadas a todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras. No caso de que o orzamento total solicitado polas persoas beneficiarias supere o crédito orzamentario dispoñible, o órgano competente procederá ao prorrateo, entre as citadas persoas beneficiarias da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

Para elo, procederase ao cálculo da porcentaxe que supón o orzamento previsto sobre o orzamento solicitado e aplicará este porcentaxe ao importe a subvencionar solicitado previamente para cada persoa beneficiaria. O importe resultante será o incorporado á proposta de resolución para a concesión das axudas por persoa beneficiaria.

8.6. Notificación e publicidade da resolución de concesión.

O expediente así tramitado someterase á aprobación da Xunta de Goberno Local.

O acordo de resolución será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, esta publicación proporcionará os efectos da notificación.

Conforme ao artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da citada lei.

O acordo de resolución expresará o obxecto da subvención outorgada e a contía concedida.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de 3 meses a partir do día seguinte ao de presentación da solicitude no rexistro, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

No caso de desestimación, a resolución indicará o motivo polo que se denega.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou.

BASE 9ª. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

9. 1.Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación finalizará o 31 de marzo de 2022, agás prórrogas que se poidan acordar.

9. 2.Documentación xustificativa.

A obriga de xustificar a achega concedida deberá cumprirse mediante a presentación da seguinte documentación:

Relación de facturas detallando o concepto e os importes correspondentes aos gastos que se pretenden financiar coa subvención solicitada. A suma total dos importes das facturas que se acheguen deberá ser igual ou superior á contía solicitada. (Anexo III)

Xustificantes de gastos (facturas).

Xustificantes de pagamento:

- Transferencia bancaria (resgardo da orde de transferencia o de do notificación de domiciliación realizada, extracto de conta corrente no que figure o cargo da transferencia selada pola entidade bancaria ou certificado orixinal emitido pola entidade bancaria).*
- Pago por cheque nominativo (copia do cheque emitido o nome do provedor)*
- Pago por tarxeta (documento de cargo bancario selado pola entidade bancaria, sempre a nome do beneficiario/a).*
- Pago en efectivo: recibí do provedor sobre factura con data, sinatura e selo, só para importes de escasa contía ata un máximo de 150 euros (non acumulables), segundo Bases de Execución do Concello de Ames.*

Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias

bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa, e en todo caso para gastos non superiores a 150 €.

A persoa representante da entidade responsabilizarase de que todos os documentos que se axunten na sede electrónica son orixinais ou copias auténticas.

9.3. Tramitación da xustificación.

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo do informe do Departamento de Promoción Económica acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiarios achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida, o órgano competente valorará o cumprimento dos requisitos da subvención, se a documentación é correcta, procederase á aprobación das xustificacións presentadas. No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días hábiles para a súa emenda.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de 9 meses a partir do día seguinte ao de presentación da solicitude no rexistro.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou.

9.4 Pagamento da subvención

O concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable, correspondentes aos gastos subvencionables determinados na base 7ª, ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un documento aclaratorio do seu contido, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

9.5. Xustificación extemporánea e perda da subvención.

Vencidos os prazos e prórrogas sinalados nas bases sen que a entidade beneficiaria da subvención xustificase o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, a unidade xestora emitirá un requirimento para que, no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

BASE 10ª. REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

BASE 11ª. REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar a extinción do dereito ao seu disfrute ou a modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, a incoación do correspondente expediente sancionador, conforme ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde puidesen derivarse.

Así mesmo as subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

BASE 12ª. OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra para a mesma finalidade, sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado.

BASE 13ª- PUBLICIDADE

Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter publico do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente nun lugar visible do centro de traballo, logotipo do Concello. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da paxina web da empresa, de existir esta.

BASE 14ª- RÉXIME SANCIONADOR

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei xeral de subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei orgánica 10/85).

BASE 15ª- RECURSOS

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra ela cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Poderase formular, así mesmo, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución impugnada, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

BASE 16ª- ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

BASE 17ª- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Disposición adicional segunda

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas Ames Progresas, de conformidade coa regulación establecida na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación nesta convocatoria de axudas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

ANEXO I. CONVOCATORIA DE AXUDAS AMES PROGRESA DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO EMPREGO E DO TECIDO EMPRESARIAL LOCAL. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Datos de identificación da persoa solicitante

DNI/ CIF:	Nome e apelidos/ Razón Social:
Enderezo Completo:	
Código Postal:	Municipio:
Teléfono:	E-mail:
Nome comercial da empresa/establecemento:	
Enderezo completo da empresa/ establecemento:	
Ambito material segundo o establecido na base 5º da convocatoria:	

Tendo coñecemento das liñas de axudas “Ames Progresa”, convocada polo Concello de Ames, ao abeiro desta convocatoria,

SOLICITO a concesión da seguinte contía en concepto de axuda para financiar os gastos de mantemento en que teño incorrido durante o período que vai do 1 xaneiro de 2021 ao 31 de outubro de 2021.

AXUDA BÁSICA SOLICITADA¹	€
--	----------

En, de de

(Asdo. pola persoa beneficiaria)

¹

O importe máximo a solicitar é de 1.500,00€.

**ANEXO II. CONVOCATORIA DE AXUDAS AMES PROGRESA DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO EMPREGO E DO TECIDO EMPRESARIAL LOCAL
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.^a _____, con DNI _____ en representación da
empresa/empregador _____ con (NIF/CIF: _____)

Declara responsablemente

- Que a persoa solicitante **COÑECE E ACEPTA** as bases da convocatoria Ames Progresa, promovida polo Concello de Ames e que non está incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da administración pública
- Que a persoa solicitante ten ao corrente as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.
- Que a entidade á que representa a persoa solicitante se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pagamento establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.
- Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas, declara:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade e concepto para o que se solicita esta subvención.
- Si se solicitou e ou concedeu outras axudas para mesma finalidade e concepto para o que se solicita a subvencións.

CONCEPTO DA AXUDA	S(solicitada) C(concedida) P(presentada)	IMPORTE	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE CONCÉDENTE

7. Que en relación as axudas de minimis, declara:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda de minimis.
- Si se solicitou e ou concedeu outras axudas para mesma finalidade e concepto para o que se solicita a subvencións

Así mesmo:

- SI** autoriza ao Concello de Ames para comprobar en calquera fase do procedemento a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social(en caso de que non autorice deberá achegar a este anexo os certificados indicados.
- NON** autoriza ao Concello de Ames para comprobar en calquera fase do procedemento a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social(en caso de que non autorice deberá achegar a este anexo os certificados indicados.

En _____, de de 2021.

(Asdo. pola persoa solicitante)

ANEXO III. CONVOCATORIA DE AXUDAS AMES PROGRESA DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO EMPREGO E DO TECIDO EMPRESARIAL LOCAL.

DNI/ CIF:	Nome e apelidos/ Razón Social:
Enderezo Completo:	
Código Postal:	Municipio:
Teléfono:	E-mail:
Nome comercial da empresa/establecemento:	
Enderezo completo da empresa/ establecemento:	

DECLARO:

Que a relación de gastos de mantemento para os que se solicita a subvención é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS

Provedor (Denominación e CIF)	Nº de factura	Data de Expedición	Concepto	Importe sen IVE	Data de Pago
Total Gastos					

En, de de 2021.

(Asdo. polo beneficiario)

Aclaración Xustificación de Gastos

Transferencia bancaria (resgardo da orde de transferencia o de do notificación de domiciliación realizada, extracto de conta corrente no que figure o cargo da transferencia selada pola entidade bancaria ou certificado orixinal emitido pola entidade bancaria).

Pago por cheque nominativo (copia do cheque emitido o nome do provedor)

Pago por tarxeta (documento de cargo bancario selado pola entidade bancaria, sempre a nome do beneficiario/a).

Pago en efectivo: recibí do provedor sobre factura con data, sinatura e selo, só para importes de escasa contía ata un máximo de 150 euros (non acumulables), segundo Bases de Execución do Concello de Ames.

Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa, e en todo caso para gastos non superiores a 150 €

Ames, 27 de decembro de 2021

O alcalde

José Blas García Piñeiro

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do primeiro tenente de alcalde, en Ames, a 30 de decembro de 2021, e coa advertencia de que non foi

aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O primeiro tenente de alcalde

Alcalde por delegación (Decreto 4045/2021)

David Santomil Mosquera

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo